

AMIZADE ENTRE INIMIGOS

Fernando Espiña Lago 1ºBach E Parte 2

Capítulo 4: O Acordo

Durante os seguintes días, os dous homes atopáronse varias veces en segredo, falando sobre as súas vidas, os seus soños e as súas crenzas. Aínda que viñan de bandos opostos, comezaron a respectarse mutuamente. Xosé contou a Manuel sobre a súa familia, perdida na guerra, e o seu desexo de ver unha España libre e xusta. Manuel, pola súa parte, compartiu as súas propias dúbidas e medos, confesando que ás veces se preguntaba se estaba loitando polo lado correcto.

Unha noite, despois dunha longa conversa, decidiron que intentarían axudarse mutuamente. Xosé prometeu non atacar a Manuel, e Manuel comprometeuse a protexer a Xosé na medida do posible.

Capítulo 5: A Proba

A tregua foi posta a proba cando un soldado nacional chegou á zona para realizar unha inspección sorpresa. Xosé estaba escondido no interior da torre, e Manuel soubo que tiña que actuar rápido para protexelo.

—Esta zona está limpa, non hai maquis aquí —dixo Manuel aos soldados que patrullaban nas proximidades.

Pero o soldado non estaban convencido e decidiu realizar unha inspección máis minuciosa. Manuel guiou o soldado afastado do escondite de Xosé, facendo todo o posible para mantelo lonxe. Por un momento, pareceu que a traizón sería descuberta, pero grazas á súa astucia, Manuel logrou desviar a atención do soldado.

Capítulo 6: A Revelación

Unha noite, mentres falaban na torre, Xosé fixo unha revelación sorprendente. Había descuberto unha ruta, que podería ser usado para escapar en caso de emerxencia. Aínda que era arriscado, decidiron que sería a súa salvación se as cousas se poñían feas.

Capítulo 7: A Fuxida

O día fatídico chegou cando o soldado foi a torre para inspecciónala máis a fondo.

—Non teño moito tempo, Xosé. Usa a ruta e escapa. Eu cubrirete —dixo Manuel.

—Non podo deixarte aquí, Manuel —dixo Xosé.

—Tes que facelo. Esta é a túa loita, o teu soño. Non o deixes caer aquí.

Xosé, con lágrimas nos ollos, aceptou a dura realidade. Despediuse de Manuel, prometéndose que a súa loita non sería en vano. Usou a ruta e, aínda que conseguiu escapar, nunca esqueceu ao home que, a pesar das súas diferenzas, se convertera nun verdadeiro amigo.

Capítulo 8:A volta

Os anos pasaron e a guerra rematou, pero a memoria da Torre de Sobrada de Aguiar e o sacrificio de Manuel permaneceron vivos na mente de Xosé. Volveu á torre moitos anos despois, xa en tempos de paz, e atopou as ruínas como as deixara.